

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

9690 *Real decreto 389/2016, do 22 de outubro, polo que se aproba o Plan director da Rede de parques nacionais.*

A Lei 30/2014, do 3 de decembro, de parques nacionais, define a Rede de parques nacionais como un sistema integrado por aqueles espazos declarados parques nacionais, o seu marco normativo básico e o sistema de relacións necesario para o seu funcionamento. O seu obxectivo primordial é garantir, como legado para as xeracións futuras, a conservación dunha mostra representativa dos principais sistemas naturais españois. O elemento vertebrador para materializar a dita finalidade é o plan director como o máis elevado instrumento de planificación e ordenación dos parques nacionais de carácter básico.

A figura do plan director, como instrumento básico de ordenación da Rede de parques nacionais, foi creado pola Lei 41/1997, do 5 de novembro, pola que se modifica a Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, coa vocación de ser o elemento a través do cal se fixen as liñas xerais de actuación da Rede de parques nacionais e sirva de pauta para a redacción dos plans reitores de uso e xestión.

Desde a súa creación, a importancia do plan director viuse consolidada ao establecer un denominador común necesario para asegurar a coherencia interna da Rede de parques nacionais e potenciar a súa proxección exterior, implantar unhas directrices de carácter básico que contribúan ao sistema de protección e conservación da natureza española e favorecer o desenvolvemento dunha conciencia cidadá de aprecio polos parques nacionais.

Conforme o artigo 19 da citada Lei 30/2014, do 3 de decembro, o Plan director da Rede de parques nacionais inclúe os obxectivos estratéxicos dos parques nacionais en materia de conservación, uso público, investigación, seguimento, formación e sensibilización, os obxectivos que hai que alcanzar en materia de cooperación e colaboración tanto no ámbito nacional como internacional, as actuacións necesarias para manter, promover e impulsar a imaxe e a coherencia interna dos parques nacionais, as directrices básicas para a planificación, conservación e coordinación, o programa de actuacións comúns da rede e os procedementos para o seu seguimento continuo e avaliación, así como a determinación dos proxectos de interese xeral que poderán ser obxecto de financiamento estatal.

Como novidade, a Lei de parques nacionais engade ao contido do plan director os criterios para a determinación do nivel de conservación e xestión básicos que debe manter no tempo cada un dos parques nacionais e dos parámetros con que realizar o seu seguimento, así como os criterios para determinar a existencia dun grave perigo para a integridade e a seguranza dun parque nacional, así como as directrices para as actuacións nas situacións de estado de emerxencia declarado.

Na elaboración e revisión do plan director exíxese un procedemento participativo e aberto, no cal obrigatoriamente interveñen as comunidades autónomas e os padroados dos parques nacionais.

Este real decreto foi sometido a consulta do Consello Asesor de Medio Ambiente, ao informe previo do Consello da Rede, e foi obxecto de información pública, de acordo co previsto no artigo 16 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, que regula os dereitos á información, de participación pública e acceso á xustiza en materia de ambiente.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de outubro de 2016,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Apróbase o Plan director da Rede de parques nacionais, co texto que figura a continuación.

Artigo 2. *Directrices para a planificación, conservación e coordinación.*

O plan director que se aproba terá o carácter de directriz básica para a planificación, conservación e coordinación dos parques nacionais, de acordo co disposto no artigo 19, números 1.d) e 2, da Lei 30/2014, do 3 de decembro, de parques nacionais, e de directrices básicas da lexislación de protección do medio natural, conforme o disposto no artigo 17, números 2 e 3, da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

Disposición adicional primeira. *Parques nacionais mariños.*

1. Nos parques nacionais declarados en augas marítimas baixo soberanía nacional, o réxime de protección dos recursos pesqueiros regularase no marco dos correspondentes plans reitores de uso e xestión aprobados polo Goberno da Nación, con participación da Administración pesqueira na súa elaboración, e axustarase aos criterios previstos no Plan director da Rede de parques nacionais.

2. Cando un parque nacional mariño de declaración e xestión estatal inclúa augas interiores cuxa competencia en materia de pesca corresponda á comunidade autónoma do litoral, o Goberno establecerá o réxime de protección dos recursos pesqueiros que resulte procedente no ámbito exclusivo das augas exteriores, tendo en conta os criterios previstos no Plan director da Rede de parques nacionais.

Disposición adicional segunda. *Parques nacionais marítimo-terrestres.*

Cando un parque nacional marítimo-terrestre inclúa augas exteriores, o Goberno establecerá o réxime de protección dos recursos pesqueiros que resulte procedente no ámbito exclusivo das citadas augas, tendo en conta os criterios previstos no Plan director da Rede de parques nacionais.

Disposición adicional terceira. *Modificación do límite de altura do sobrevoo establecido na Lei 30/2014, do 3 de decembro, de parques nacionais, ou nas leis declarativas.*

Cando se deba levar a cabo a modificación da limitación de sobrevoo establecida na Lei 30/2014, do 3 de decembro, de parques nacionais, ou nas leis declarativas dos distintos parques nacionais, será acordada polo Goberno de conformidade coa disposición adicional décimo primeira da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, e coa disposición derradeira cuarta da Lei 30/2014, do 3 de decembro, de parques nacionais.

Antes de facer efectiva a prohibición, limitación ou restrición deberase publicar na Publicación de información aeronáutica (AIP).

Disposición transitoria única. *Plans reitores de uso e xestión nos parques nacionais.*

1. Os plans reitores de uso e xestión vixentes deberanse adaptar ao plan director aprobado por este real decreto no prazo de dous anos desde a súa entrada en vigor, de

conformidade co establecido na disposición adicional terceira da Lei 30/2014, do 3 de decembro, de parques nacionais.

2. Os plans reitores de uso e xestión que se encontren en fase de elaboración pola Administración competente de cada parque nacional axustaranse ao plan director aprobado por este real decreto.

Disposición derogatoria única. *Plan director anterior.*

Queda derogado o Real decreto 1803/1999, do 26 de novembro, polo que se aproba o Plan director da Rede de parques nacionais.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.23.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

A planificación socioeconómica dos parques nacionais prevista no plan director que se aproba dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Os criterios recollidos no plan director que se aproba para determinar a existencia dun grave perigo para a integridade e a seguranza dun parque nacional, así como as directrices para as actuacións nas situacións de estado de emerxencia declarado, ampáranse na competencia en materia de seguranza pública atribuída ao Estado con carácter exclusivo polo artigo 149.1.29.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Vixencia e revisión do plan director.*

O Plan director da Rede de parques nacionais terá unha vixencia máxima de dez anos e na súa revisión seguirase o procedemento recollido no artigo 19.3 da Lei 30/2014, do 3 de decembro, de parques nacionais.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de outubro de 2016.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA

PLAN DIRECTOR DA REDE DE PARQUES NACIONAIS

Obxectivos

1. Obxectivos estratéxicos dos parques nacionais.
 - 1.1 De carácter xeral.
 - 1.2 En materia de conservación.
 - 1.3 En materia de uso público.
 - 1.4 En materia de investigación.
 - 1.5 En materia de seguimento.
 - 1.6 En materia de formación e sensibilización.
2. Obxectivos que se deben alcanzar en materia de cooperación e colaboración no ámbito nacional e internacional.
 - 2.1 Cooperación e colaboración no ámbito nacional.
 - 2.2 Cooperación e colaboración no ámbito internacional.

Directrices e criterios

3. Directrices básicas para a planificación, conservación e coordinación.
 - 3.1 Directrices básicas para a planificación.
 - 3.1.1 Criterios básicos para a planificación dos parques nacionais.
 - 3.1.2 A zonificación dos parques nacionais.
 - 3.2 Directrices básicas para a conservación.
 - 3.2.1 Directrices de carácter xeral.
 - 3.2.2 Directrices en materia de conservación de recursos naturais e culturais.
 - 3.2.3 Directrices en relación coas explotacións e cos aproveitamentos e usos tradicionais.
 - 3.2.4 Directrices en relación coas infraestruturas, equipamentos e instalacións.
 - 3.2.5 Directrices en relación coa conservación e a atención ao visitante.
 - 3.2.6 Directrices en relación coa investigación.
 - 3.2.7 Directrices en relación co seguimento de procesos e avaliación de recursos.
 - 3.3 Directrices básicas para a coordinación.
4. Criterios para a selección dos proxectos de interese xeral que poderán ser obxecto de financiamento estatal.
5. Criterios para a determinación do nivel de conservación e xestión básicos que debe manter no tempo cada un dos parques nacionais. Parámetros para o seguimento.
 - 5.1 Criterios para a determinación do nivel de conservación.
 - 5.2 Parámetros para o seguimento.
6. Criterios para determinar a existencia dun grave perigo para a integridade e a seguraza dun parque nacional. Directrices para as actuacións nas situacións de estado de emerxencia declarado.
 - 6.1 Criterios para determinar a existencia dunha emerxencia por catástrofe ambiental.
 - 6.2 Directrices para as actuacións nas situacións de estado de emerxencia declarado.

Actuacións

7. Actuacións necesarias para manter, promover e impulsar a imaxe corporativa e a coherencia interna dos parques nacionais.

8. Programa de actuacións comúns da Rede de parques nacionais e procedementos para o seu seguimento continuo e avaliación.

- 8.1 Actuacións para a consolidación da rede.
- 8.2 Actuacións para a conservación dos valores naturais e culturais.
- 8.3 Actuacións de divulgación de coñecementos e incorporación de novas tecnoloxías.
- 8.4 Actuacións para a implicación dos axentes sociais e participación social.
- 8.5 Actuacións de seguimento e avaliación.
- 8.6 Programa de investigación na Rede de parques nacionais.
- 8.7 Desenvolvemento sustentable e integración social.
- 8.8 Proxección e cooperación internacional.
- 8.9 Procedementos para o seguimento continuo e avaliación das actuacións.

Obxectivos

1. *Obxectivos estratéxicos dos parques nacionais*

1.1 De carácter xeral.

- a) Conservar a integridade dos valores naturais e as paisaxes dos parques nacionais.
- b) Asegurar que todos os parques nacionais dispoñan dun plan reitor de uso e xestión en plena aplicación para garantir o cumprimento dos seus obxectivos.
- c) Asegurar que cada parque nacional dispoña dun plan de autoprotección que conteña as medidas de prevención fronte aos riscos que se poidan producir por actividades potencialmente negativas desenvolvidas no exterior, así como de previsión de catástrofes naturais ou derivadas da actividade humana.
- d) Identificar, en cada un dos parques nacionais, aquelas limitacións nos bens e dereitos patrimoniais lexítimos cuxa indemnización corresponda ás administracións competentes.
- e) Establecer un réxime de cooperación e colaboración entre as administracións, tanto no ámbito nacional como internacional, que asegure a mellor conservación dos parques nacionais, se for o caso, como parte integrante da infraestrutura verde do territorio español.
- f) Fomentar a colaboración e participación activa da sociedade no logro dos obxectivos dos parques nacionais e do conxunto da rede.

1.2 En materia de conservación.

- a) Asegurar a representación na Rede de parques nacionais dos sistemas naturais previstos no anexo da Lei 30/2014, do 3 de decembro, de parques nacionais, en condicións da maior naturalidade posible.
- b) Asegurar a conservación do patrimonio natural, os seus procesos naturais e paisaxes e, onde resulte preciso, os usos, coñecementos e actividades tradicionais que sexan necesarios para o logro dos obxectivos da Lei 30/2014, do 3 de decembro.
- c) Asegurar, de acordo coas administracións competentes en materia hidráulica, que os plans hidrolóxicos de demarcación proporcionen os recursos hídricos adecuados en cantidade e calidade para o mantemento e a conservación dos parques nacionais.
- d) Identificar as especies e hábitats declarados de interese especial para os parques nacionais, logo de informe do Consello da Rede de Parques Nacionais, que poidan ser obxecto de medidas compensatorias.
- e) Articular os mecanismos necesarios para a detección temperá e identificación das especies exóticas invasoras en cada un dos parques nacionais.

1.3 En materia de uso público.

- a) Asegurar o servizo de uso público á sociedade, para o coñecemento e disfrute dos parques nacionais, supeditado á conservación dos seus valores.
- b) Dispor dunha oferta de servizos de atención aos visitantes, deseñados e desenvolvidos pola Administración, que teña en conta a accesibilidade universal, con independencia das súas características individuais, como idade ou discapacidade.
- c) Manter e potenciar a imaxe corporativa e identidade gráfica común da rede, para que sexa recoñecida e apreciada polos visitantes dos parques en particular e pola poboación en xeral.

1.4 En materia de investigación.

- a) Recoñecer e potenciar o papel dos parques nacionais como lugares singulares para a investigación científica e a transferencia do coñecemento.
- b) Identificar e investigar os procesos naturais, os bens e servizos ambientais, os tipos de manexo e as actividades compatibles, historicamente vinculadas ao aproveitamento dos recursos por parte das poboacións locais, tanto para mellorar a xestión como para aumentar o coñecemento sobre os procesos que interveñen, nun escenario de cambio global como o actual, en que os parques nacionais constitúen laboratorios vivos e puntos de referencia como lugares pouco intervídos.
- c) Desenvolver un programa de investigación sobre os valores naturais, culturais e usos e coñecementos tradicionais da rede que promova o mellor coñecemento científico.

1.5 En materia de seguimento.

- a) Desenvolver e manter un sistema de seguimento e avaliación dos aspectos ecolóxicos, socioeconómicos e funcionais de cada parque e da rede no seu conxunto que permita un maior coñecemento, mediante a aplicación dos correspondentes protocolos homologables a nivel nacional e internacional.
- b) Establecer unha metodoloxía homologable que permita valorar o estado de conservación de cada parque e a eficacia das medidas aplicadas para a conservación dos seus valores naturais.
- c) Dispor de mecanismos de seguimento de especies exóticas invasoras e de avaliación das medidas adoptadas para a súa detección temperá, control e, se for o caso, erradicación.
- d) Constituír unha rede de seguimento das perturbacións asociadas ao cambio global e desenvolver mecanismos de alerta temperá ante a súa aparición, especialmente respecto ás provocadas pola actividade humana.

1.6 En materia de formación e sensibilización.

- a) Contribuír á sensibilización ambiental da sociedade, en colaboración con institucións e organizacións, e divulgar no ámbito nacional e internacional os valores naturais e culturais e a importancia dos parques nacionais como espazos esenciais para a conservación do patrimonio natural e cultural.
- b) Contribuír ao desenvolvemento de programas de formación ambiental en colaboración coas institucións e organizacións con obxectivos concorrentes, dirixidos tanto á sociedade en xeral como ao contorno do parque nacional en particular.
- c) Colaborar na mellora das capacidades profesionais do persoal da rede, mediante o desenvolvemento de programas de formación e intercambios de coñecementos e experiencias.

2. *Obxectivos que se deben alcanzar en materia de cooperación e colaboración no ámbito nacional e internacional*

2.1 Cooperación e colaboración no ámbito nacional.

a) Fomentar mecanismos de cooperación e colaboración para o funcionamento da rede combinando, de maneira equilibrada, a necesidade de establecer unha actuación homoxénea, a diversidade de axentes e os seus propios ámbitos competenciais e de interese.

b) Adoptar e desenvolver, en aplicación do principio de responsabilidade compartida, medidas e programas específicos tendentes a involucrar todas as administracións, as comunidades do contorno e a sociedade en xeral na defensa e protección dos valores dos parques. Procurarase utilizar esta fórmula de colaboración, en especial, nas actuacións e programas que impliquen a rede e teñan carácter puntual ou esporádico.

c) Formalizar protocolos ou convenios entre o Organismo Autónomo Parques Nacionais e os organismos correspondentes das comunidades autónomas que fixen o marco xeral da colaboración para o cumprimento dos obxectivos dos parques nacionais como parte integrante da infraestrutura verde do territorio español, da rede no seu conxunto e as disposicións deste plan director. En particular, o Organismo Autónomo Parques Nacionais e as comunidades autónomas poderán subscribir convenios para o desenvolvemento de:

1) Actuacións para a execución e financiamento de actividades para a consecución dos obxectivos da lei de declaración, no caso de novos parques nacionais ou ampliación dos existentes.

2) Actuacións singulares, puntuais ou extraordinarias nos parques, así como para a aplicación de programas multilaterais, comúns e horizontais da rede.

3) Programas piloto para o desenvolvemento sustentable das áreas de influencia socioeconómica e das poboacións do contorno, que teñan efecto social demostrativo para a rede.

4) Actuacións na zona periférica de protección ou nos propios parques que contribúan a minimizar diferentes impactos negativos e a recuperar áreas degradadas.

5) Actuacións dirixidas ao logro dos obxectivos e á conservación dos parques de ámbito supraautonómico, acordadas nas súas comisións de coordinación.

6) Actuacións relacionadas co desenvolvemento da Rede Natura 2000 e a aplicación da normativa comunitaria na Rede de parques nacionais.

7) Actuacións que faciliten a integración dos parques nun sistema coherente xeral de conservación territorial de maior escala, na medida en que isto contribúa á súa conservación.

8) Actuacións relacionadas con parques nacionais sobre territorios fronteirizos lindeiros con espazos protexidos doutros países.

d) Formalizar convenios de colaboración coas comunidades autónomas nos casos de predios patrimoniais de titularidade do Organismo Autónomo Parques Nacionais incluídos no ámbito dos parques nacionais, co obxectivo de asegurar a xestión integrada en todo o parque nacional.

e) Asegurar o establecemento de convenios e acordos cos diferentes organismos e unidades da Administración xeral do Estado que teñan relación coa planificación, a investigación, o seguimento, a vixilancia, o aproveitamento ou o manexo dos recursos naturais e culturais dos parques nacionais.

f) Promover acordos cos concellos, entidades locais ou asociacións destes das áreas de influencia socioeconómica dos parques nacionais, especialmente os que proporcionan terreos aos parques, co obxectivo de propiciar o desenvolvemento sustentable das poboacións do contorno a través de actuacións ambientais e favorecer actuacións de dinamización, desenvolvidas de forma coordinada con todas as administracións implicadas, en particular coa Administración xestora do parque.

g) Promover acordos e fórmulas de colaboración cos titulares de dereitos privados e propietarios de terreos nos parques nacionais para o cumprimento dos seus obxectivos, tanto nos supostos de actividades clasificadas como compatibles e necesarias para a xestión e conservación dos sistemas naturais, como nos casos en que existan actividades clasificadas como incompatibles e sexa necesaria a súa eliminación no prazo establecido, mediante acordos voluntarios.

h) Establecer acordos de colaboración cos axentes sociais e as organizacións non gobernamentais cuxos fins sexan coincidentes cos da rede e os parques nacionais, co obxectivo de apoiar a súa conservación, especialmente a través de programas de voluntariado, e contribuír á concienciación e sensibilización da sociedade.

i) Impulsar acordos de colaboración con entidades do sector privado que contribúan mediante achega de recursos ao desenvolvemento de actuacións comúns da rede para a execución de proxectos concretos, así como fomentar a custodia do territorio mediante acordos entre entidades de custodia e propietarios de predios privados ou públicos que teñan por obxectivo principal a conservación do patrimonio natural e da biodiversidade. En todo caso, as empresas colaboradoras deberán ter definida e explícita a súa responsabilidade ambiental corporativa e estar acreditadas con sistemas de xestión ambiental homologados. O Consello da Rede emitirá informe previo sobre estes acordos de colaboración.

2.2 Cooperación e colaboración no ámbito internacional.

a) Fortalecer a presenza institucional internacional da Rede de parques nacionais acorde coa súa importancia e significación e participar activamente nos esforzos globais de conservación.

b) Establecer instrumentos de colaboración e intercambio de experiencias con servizos de parques doutros países.

c) Apoiar os parques nacionais de países prioritarios para a cooperación internacional a través de programas específicos ou no marco de programas máis xerais.

d) Participar en redes internacionais mediante acordos marco con entidades internacionais e organizacións multilaterais para potenciar a imaxe e a presenza internacional da Rede de parques nacionais españois.

Directrices e criterios

3. *Directrices básicas para a planificación, conservación e coordinación*

3.1 Directrices básicas para a planificación.

En cada un dos parques nacionais as administracións competentes elaborarán e aprobarán, con carácter específico, un plan reitor de uso e xestión, que será o seu instrumento de planificación ordinaria, conforme as previsións deste plan director.

Os plans reitores de uso e xestión desenvolveranse, ao menos, mediante os plans anuais de traballos e investimentos e plans ou programas de carácter sectorial que acorden as comunidades autónomas, nos ámbitos que requiran un maior nivel de detalle.

3.1.1 Criterios básicos para a planificación dos parques nacionais.

A planificación na Rede de parques nacionais aterase aos seguintes criterios:

- Asegurar a transparencia, a accesibilidade adecuada e a participación pública.
- Utilizar a mellor información e o mellor coñecemento dispoñibles.
- Adoptar as decisións a partir de diferentes alternativas adecuadamente avaliadas.

3.1.2 A zonificación dos parques nacionais.

A zonificación é a organización do espazo en función do valor e fragilidade dos seus recursos e da súa capacidade de acollida para os distintos usos, co fin de minimizar os

impactos negativos e de asegurar un uso do espazo compatible coa conservación dos seus sistemas naturais.

A zonificación dos parques nacionais mariños ou marítimo-terrestres poderá ter en conta a dimensión vertical para adecuar a dita zonificación ás distintas profundidades, considerando a columna de auga, os fondos mariños e as isóbatas. No caso dos parques nacionais terrestres, a zonificación poderá incluír o subsolo.

Por motivos de conservación e en relación con procesos biolóxicos tales como cambios nas áreas de nidificación, alimentación ou zonas de posta, colonias de cría, agregación e/ou migración, ou cando os indicadores apunten a cambios nos patróns de distribución fenolóxica e xeográfica das especies, poderanse establecer temporalmente zonas de reserva ou zonas de uso restrinxido convenientemente definidas mentres perduren as circunstancias que as orixinaron.

Para os parques nacionais establécense as zonas seguintes, ordenadas de maior a menor grao de protección e de menor a maior grao de presenza e intervención humana:

- a) Zona de reserva.
- b) Zona de uso restrinxido.
- c) Zona de uso moderado.
- d) Zona de uso especial.
- e) Zona de asentamentos tradicionais.

As características destas son as que a continuación se relacionan.

a) Zona de reserva. Constituída por aquelas áreas terrestres ou mariñas, contiguas ou dispersas, que temporal ou permanentemente requiren o máximo grao de protección. Deben cumprir, ao menos, algunha das seguintes características:

1. Conter valores naturais de excepcional rareza, fragilidade ou interese científico.
2. Albergar procesos de rexeneración dos recursos naturais.
3. Ser escenarios adecuados para o estudo do estado de conservación e da evolución dos recursos naturais.

A súa xestión pode abranguer desde a non intervención até o manexo activo. Nelas garantírase unha absoluta protección dos seus valores e procesos naturais. Prohíbese o acceso salvo con fins científicos ou de xestión e, en caso necesario, de salvamento, policía e vixilancia ambiental. Priorízase a adquisición daqueles bens e dereitos necesarios para o cumprimento dos seus obxectivos.

A recolección de material biolóxico, xeolóxico ou cultural que por necesidades científicas sexa preciso levar a cabo, deberá estar clara e inequivocamente fundamentada nos protocolos de investigación e ser expresamente autorizada pola autoridade competente. Só se poderá autorizar a recolección de material con finalidades científicas ou de xestión. Queda expresamente prohibido todo tipo de aproveitamentos.

Unicamente se poderán autorizar instalacións de carácter científico ou para a xestión do medio cando resulten imprescindibles e causen o mínimo impacto. Non se permitirá a apertura de novas pistas nin camiños. En espazos marítimos, non se permitirá a delimitación de novas canles ou rutas de navegación.

b) Zona de uso restrinxido. Constituída por áreas terrestres ou mariñas que presentan un elevado grao de naturalidade e que poden ser accesibles para os visitantes. Aínda que puidesen sufrir un certo grao de intervención humana, manteñen os seus valores naturais en bo estado ou encóntranse en fase de rexeneración.

A súa finalidade é garantir a conservación íntegra dos recursos e valores que encerran, así como proporcionar unha oportunidade para o contacto íntimo entre o home e a natureza. Nas zonas de uso restrinxido terrestres, o acceso público permítese unicamente polas sendas autorizadas e está prohibido, salvo regulación expresa no Plan reitor de uso e xestión, polo resto do territorio. O acceso motorizado restrínxese exclusivamente a finalidades de xestión e, en caso necesario, de salvamento, investigación, policía e vixilancia ambiental. Excepcionalmente, a Administración xestora do parque nacional

poderá autorizar o acceso motorizado só polo trazado de pistas existentes, polo tempo estritamente necesario para operacións vinculadas ao normal funcionamento de refuxos de montaña ou instalacións similares, no caso de que se viñese realizando e sen superar a intensidade vixente, ou para actividades vinculadas a usos tradicionais que xa estean realizándose na zona cando entre en vigor este plan. O uso público nas zonas de uso restrinxido mariñas poderá ser regulado.

A instalación de sinais, barreiras, instrumentos e artefactos limitarase a aqueles que obedezan ao control, orientación, seguranza dos visitantes ou a estudos científicos e actividades de manexo. Unicamente se poderán autorizar instalacións de carácter científico ou para a xestión do medio, sempre que resulten imprescindibles e causen un impacto mínimo. Non se construírán novos edificios nin instalacións permanentes, pero poderanse manter ou rehabilitar os existentes sen cambio de uso nin incremento de volume e sempre que o uso actual estea dentro dos tradicionais considerados compatibles no parque nacional en cuestión. Poderanse construír sendas rústicas acondicionadas para o tránsito a pé ou para semoventes, pero non se permitirá a construción de estradas ou camiños para vehículos. Procurarase que poidan acceder as persoas con discapacidade.

En caso de existiren na zona aproveitamentos tradicionais autorizados, estes deberán ser compatibles coa finalidade da zona.

c) Zona de uso moderado. Constituída por áreas terrestres ou mariñas caracterizadas por un ambiente de clara dominancia natural en que se permite o acceso dos visitantes. Opcionalmente pódense incluír aquí tamén as áreas manexadas historicamente polas poboacións locais en réxime extensivo e/ou comunal que deron lugar a recursos e procesos agroecolóxicos e pesqueiros que merecen a consideración de valores culturais materiais e inmateriais do parque.

A súa finalidade é a conservación dos valores naturais e culturais, facilitar o acceso aos cidadáns e favorecer o exercicio de determinadas actividades tradicionais identificadas como consubstanciais coa conservación dos propios recursos naturais e culturais do parque. Poderán incorporar, co apoio e incentivo que, se for o caso, resulte procedente, usos agropecuarios e aproveitamentos tradicionais, na medida en que, caracterizando o espazo, non resulten contraditorios con criterios de conservación, sexan recollidos nos plans reitores de uso e xestión e non estean excluídos na lexislación básica.

Nas zonas de uso moderado terrestres o acceso público peonil é libre, aínda que se prohíbe o tránsito de vehículos motorizados e artefactos mecánicos fóra das estradas e pistas abertas ao público. Non obstante, poderá ser autorizado o tránsito de vehículos motorizados para as finalidades de xestión e, en caso necesario, de salvamento, investigación, policía e vixilancia ambiental ou aproveitamentos tradicionais compatibles. Nas zonas mariñas de uso moderado poderán ser regulados os usos e aproveitamentos.

Poderanse permitir infraestruturas para a atención a visitantes, áreas recreativas, aparcadoiros, zonas de acampada, bancos, elementos interpretativos e outras instalacións menores destinadas ao visitante ou a albergar instrumentación científica ou de manexo do medio. Así mesmo, poderase autorizar a creación de pequenas infraestruturas, traballos de mantemento ou de adecuación das instalacións existentes vinculadas aos aproveitamentos permitidos no Plan reitor de uso e xestión. As construcións e instalacións deberán gardar o máximo respecto ao contorno e utilizarán materiais e tipoloxías tradicionais. Procurarase a súa integración na paisaxe.

Con carácter restritivo e excepcional, poderase autorizar a construción de pistas ou camiños, vinculados ao uso público, a actividades de xestión ou aos aproveitamentos tradicionais compatibles. Adaptaranse ao terreo minimizando os impactos e non recibirán tratamento superficial nin con asfalto nin con formigón.

d) Zona de uso especial. Constituída por áreas terrestres ou mariñas de reducida extensión nas cales se sitúan as construcións, instalacións e infraestruturas maiores cuxa localización no interior do parque se considere necesaria. Tamén alberga, con criterios de mínimo impacto e de concentración de servizos, as instalacións que sexa necesario establecer para o uso público e para as actividades de xestión e administración. Inclúe, igualmente, as instalacións e infraestruturas preexistentes que sexa necesario manter, así

como aquelas que vaian albergar servizos de interese xeral conformes coa finalidade do parque. Inclúranse nesta zona, tamén, as estradas e as infraestruturas de transporte preexistentes nos parques nacionais. O seu mantemento e conservación estarán sometidos a condicionados previos por parte da Administración do parque nacional. Nestas áreas, o acceso peonil público é libre. Ademais da tramitación urbanística ordinaria, as obras e construcións que se realicen deberán adaptarse á normativa establecida no propio Plan reitor de uso e xestión e ás especificacións técnicas que en materia de protección da paisaxe e dos valores naturais se puidesen ditar en desenvolvemento deste. En xeral, e salvo excepcións debidamente xustificadas, as construcións e instalacións autorizadas deberán gardar o máximo respecto ao contorno, procurarán a utilización de materiais e tipoloxías tradicionais e minimizarán o seu impacto, primando a súa integración na paisaxe.

e) Zona de asentamentos tradicionais. As catro zonas anteriormente definidas cobren a diversidade de usos e necesidades previsibles nos parques nacionais. Non obstante, ante a circunstancia excepcional da existencia de núcleos urbanos ou rurais poboados e co obxecto de garantir aos seus habitantes o exercicio dos seus dereitos básicos e de permitir un desenvolvemento harmónico destes dentro do parque nacional, estableceranse zonas de asentamentos tradicionais que inclúan os núcleos e áreas habitados por poboación non dispersa, coas súas zonas de servizos e áreas de cultivo lindeiras.

Nestes núcleos de poboación, o Plan reitor de uso e xestión regulará as actividades que se desenvolvan neles e que poidan afectar a conservación do parque.

3.2 Directrices básicas para a conservación.

O contido dos plans reitores de uso e xestión, outras normativas de xestión dos parques nacionais, así como as propias decisións cotiás destes, axustaranse ás directrices xerais da rede que se precisan neste plan director.

As actuacións deberán apoiar nos principios de non intervención, de protección integral e de prevención, tendo en conta que non sempre é posible coñecer na súa totalidade o sistema de relacións existentes nos sistemas naturais e as consecuencias das posibles modificacións introducidas neles.

3.2.1 Directrices de carácter xeral.

a) O patrimonio natural e cultural dos parques debe ser salvagardado mediante as oportunas decisións de xestión. O patrimonio cultural a que se fai referencia neste plan director incorpora todos aqueles valores e elementos materiais e inmateriais segundo os criterios internacionais nesta materia.

b) Como criterio xeral adoptárase o principio de non intervención, é dicir, considerarase sempre como primeira opción a non intervención ante a evolución dos procesos naturais e especies; en todo caso, a intervención reducirase á mínima posible se esta for necesaria.

c) A toma de decisións nos parques apoiarase no mellor coñecemento dispoñible e estará presidida polo principio de prevención. En caso de dúbida, adoptárase a decisión que resulte máis favorable á conservación da natureza.

d) As actuacións que se desenvolvan nos parques nacionais terán como obxectivo prioritario a conservación dos seus valores naturais e culturais, materiais e inmateriais, así como dos procesos que os sustentan. Calquera actuación que se realice debe ser compatible coa perpetuación destes. No caso de existiren actividades consideradas incompatibles no territorio dos parques nacionais, as administracións competentes plasmarán nos seus documentos de planificación as medidas para a súa eliminación ou a súa adecuación á xestión do parque, se isto for posible, dentro do prazo que estableza a lexislación básica na materia.

e) Calquera plan, proxecto ou actividade que poida ter efectos ambientais significativos no interior dun parque, promovido ou non pola súa administración, deberá ser sometido a unha análise da súa incidencia ambiental de acordo coa normativa vixente na materia.

f) Fomentárase, preferiblemente a través de acordos voluntarios, a incorporación ao patrimonio público dos territorios e os dereitos reais existentes no interior dos parques nacionais ou nos seus enclaves, se os houber. En particular, naqueles casos que resulte imprescindible para o logro dos obxectivos do parque e, especialmente, nas zonas de reserva.

g) Establecerase un marco de colaboración cos propietarios e outros titulares de dereitos afectados para facilitar a consecución dos obxectivos dos parques. No seu desenvolvemento, de acordo coas medidas establecidas nos plans reitores de uso e xestión, subscribíranse acordos que recollan as condicións concretas para promover a colaboración dos titulares na conservación e no uso público, nas iniciativas ligadas ao turismo rural e ao ecoturismo e na promoción de produtos tradicionais baseada nos valores naturais e na imaxe dos parques, así como na participación institucional nas actividades e eventos relacionados coa proxección pública da Rede de parques nacionais.

h) As administracións xestoras disporán dunha organización propia para asegurar o perfil administrativo de cada parque nacional acorde coa súa singularidade ecolóxica e relevancia, garantindo e concretando a dotación de medios persoais e materiais propios do parque nacional con independencia doutras figuras de protección que conflúan no mesmo territorio. Así mesmo, dotárase dunha planificación específica de acordo co disposto neste plan director.

i) Estableceranse e manteranse especiais relacións ou mecanismos de coordinación e colaboración coas administracións responsables dos espazos naturais protexidos situados no contorno, orientados especialmente a facilitar a consecución dos obxectivos do parque nacional, evitar impactos procedentes do exterior e contribuír á conectividade ecolóxica e funcional do conxunto do territorio protexido.

j) A colaboración e a cooperación cos organismos e unidades da Administración xeral do Estado consistirán, como mínimo, na información mutua e de maneira máis activa cando existan situacións en que se poidan producir danos irreparables ou pórse en perigo a integridade ou o mantemento dos sistemas naturais dos parques nacionais. Poderá tamén incluír a achega de medios humanos e materiais. Considerárase de especial interese a aplicación de plans, programas e protocolos de prevención e protección dos sistemas naturais dos parques fronte aos impactos e riscos que poidan producir actividades realizadas no exterior.

3.2.2 Directrices en materia de conservación de recursos naturais e culturais.

a) Actuarase coa mínima interferencia cara aos procesos naturais, procurando manter ou recuperar, se for o caso, por motivos de conservación, os procesos naturais ou os usos que mellor contribúan a este fin. Cando sexa necesario un manexo activo, darase preferencia á utilización de técnicas que favorezan, con tanta fidelidade como sexa posible, o normal funcionamento dos procesos naturais.

b) No caso de vexetación ou masas forestais antropizadas, as actuacións dirixiranse a recuperar a súa estrutura, composición e funcionalidade natural. Os produtos resultantes destas operacións poderán ser alleados.

c) Manteranse e, se for o caso, recuperaranse a biodiversidade, xeodiversidade e funcionalidade propias dos sistemas naturais dos parques e evítase a desaparición dos taxons autóctonos e do patrimonio xeolóxico. Procurárase a reintrodución daqueles taxons que, sendo nativos, desapareceron en tempos históricos. Considéranse especies nativas todas aquelas que habitan ou habitaron no parque como resultado de procesos naturais. As actividades de reintrodución débense xustificar adecuadamente, débense ater ás directrices establecidas pola Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN), débense basear en datos científicos e deben ser executadas por persoal especializado e tuteladas pola Administración.

d) Restauráranse os valores, funcións e procesos naturais en áreas alteradas como consecuencia das actividades humanas. Para isto aplicarase o mellor coñecemento e tecnoloxía posibles en función dos recursos dispoñibles, co fin de acelerar a súa recuperación.

e) Inventariaranse as especies ameazadas e aplicaranse as medidas detalladas nos plans de recuperación ou conservación para as especies en perigo de extinción ou vulnerables, de acordo co Catálogo español de especies ameazadas e cos correspondentes catálogos rexionais das comunidades autónomas. Inventariaranse os elementos do patrimonio xeolóxico e elaboraranse e poranse en marcha plans de restauración para os de maior risco de desaparición ou destrución, e de conservación para os elementos xeolóxicos especiais ou vulnerables.

f) Non se autorizará a introdución no medio natural de taxons exóticos e promoveranse medidas de xestión, control ou posible erradicación dos existentes atendendo, preferentemente, a unha detección temperá e unha resposta rápida, sen prexuízo das medidas previstas no Plan reitor de uso e xestión. Só en casos extraordinarios e debidamente xustificadas, se poderán establecer excepcións á erradicación para aquelas xa integradas nos procesos naturais e/ou cuxa desaparición poida menoscabar a conservación doutras especies nativas.

g) Se existen probas suficientes de que a proliferación dunha especie causa danos significativos a outras especies, comunidades ou valores recoñecidos, poderanse aplicar actuacións de control que en ningún caso implicarán a erradicación cando se trate de especies nativas ou autóctonas. As ditas actuacións de control, que se deberán xustificar adecuadamente, serán selectivas, estarán baseadas en datos científicos, tuteladas pola Administración e realizadas por persoal especializado.

h) Fixaranse, nos correspondentes instrumentos de planificación, as medidas necesarias para a conservación dos hábitats e das especies de interese comunitario e os seus hábitats que estean presentes nos parques nacionais, de acordo coas directrices establecidas para a conservación da Rede Natura 2000 na normativa básica na materia.

i) Preservarase a paisaxe como un dos principais valores dos parques nacionais e como parte integrante da infraestrutura verde do territorio español. Para tal efecto, procurarase modificar os procesos e estruturas que a afecten negativamente e incorporarse o criterio de mínimo impacto para todos os proxectos de actuación.

j) As augas superficiais e subterráneas son parte integral dos sistemas naturais e débese preservar a súa cantidade e calidade natural. Unicamente se autorizará o seu uso consuntivo cando sexa imprescindible para a xestión do parque nacional ou cando existan dereitos de terceiros consolidados que non alteren de forma significativa os procesos naturais. O retorno de augas utilizadas ao medio natural exixirá un tratamento que evite efectos negativos, de acordo coa lexislación aplicable.

k) Preservarase, nas mellores condicións posibles, a calidade do aire nos parques nacionais. Así mesmo, deberanse preservar o sosego e os sons naturais, en particular suprimindo as fontes de sons artificiais ou, se for o caso, minimizando o seu efecto. Do mesmo modo, procurarase minimizar a intrusión de luz artificial na escena nocturna dos parques en razón do papel que o ceo xoga no conxunto da experiencia do visitante e do seu efecto en certas poboacións animais.

l) Os solos son, igualmente, soporte esencial no funcionamento dos sistemas, e débense evitar a súa degradación e a súa perda por causas non naturais. En caso de aceleración da erosión e a súa sedimentación, deberanse tomar medidas para as evitar.

m) As catástrofes naturais forman parte dos procesos ecolóxicos dos parques nacionais, polo que só se aplicarán medidas preventivas ou correctoras cando estea directamente ameazada a seguranza das persoas, as infraestruturas existentes ou cando existan factores agravantes de orixe antrópica. En razón da súa excesiva recorrencia, exceptúase o caso dos incendios forestais, que deberán ser extinguidos aínda cando deriven de causas naturais.

n) Preservaranse os recursos culturais dos parques a través dos adecuados programas de estudo, tratamento e protección. Promoveranse traballos para a catalogación e/ou xestión daqueles elementos que forman parte da historia local que poidan ter importancia como patrimonio cultural, tanto material como inmaterial, de conformidade coa normativa estatal e autonómica ao respecto.

o) Promoverase o coñecemento do patrimonio cultural vinculado aos valores naturais do espazo e a súa adaptación e aplicación á xestión do territorio cando se considere relevante para o mantemento dos procesos naturais e culturais.

3.2.3 Directrices en relación coas explotacións e cos aproveitamentos e usos tradicionais.

a) A existencia no interior dos parques nacionais de explotacións e extraccións mineiras, de hidrocarburos, agregados e canteiras é incompatible cos fins declarativos dun parque nacional.

b) Os aproveitamentos hidroeléctricos considéranse incompatibles no territorio dos parques nacionais. Respecto aos xa existentes, a xestión tenderá á súa supresión que, no suposto de concesións ou autorizacións administrativas, suporá, ao menos, a súa non renovación cando estas finalicen. Unicamente en circunstancias excepcionais debidamente xustificadas por razóns de protección ambiental ou interese social, e sempre que non exista outra solución satisfactoria, se poderá considerar o seu mantemento.

c) Os aproveitamentos e usos tradicionais de cada espazo estarán recollidos nos plans reitores de uso e xestión e serán clasificados como actividades incompatibles ou compatibles e, dentro destas, aquelas necesarias para a xestión e conservación do espazo.

d) Con carácter xeral, a caza e a pesca, como actividades recreativas ou como aproveitamento de animais silvestres son incompatibles cos obxectivos e finalidades dun parque nacional polas repercusións que teñen sobre os procesos naturais e polo seu impacto sobre o uso público. Non obstante, por necesidades de control de poboacións, e con carácter excepcional, poderase autorizar, en condicións baseadas en datos científicos e estritamente tuteladas pola Administración, e cando non exista outra solución satisfactoria, o emprego de artes cinxéticas ou piscícolas, sempre e cando non se organicen nin publiciten como actividade deportiva ou recreativa, senón como actuación de control de poboacións, se utilizasen tradicionalmente e non produzan efectos negativos no ambiente.

e) Con carácter excepcional, no ámbito mariño poderanse autorizar as actividades profesionais de carácter artesanal e tradicional de pesca e marisqueo reguladas que se demostre que son compatibles co logro dos obxectivos do parque, se apoiem en dereitos consolidados da poboación local e constitúan unha achega recoñecida de valores culturais ou ecolóxicos que non alteren os procesos naturais. Non se autorizará un aumento da presión sobre o recurso. As administracións competentes regularán, se for o caso, o aproveitamento, delimitando zonas concretas, períodos e cotas de capturas, para asegurar que a capacidade extractiva se adapte ao recurso.

f) A corta con fins comerciais é incompatible cos obxectivos e finalidades dun parque nacional. Non obstante, no marco das determinacións do Plan reitor de uso e xestión, por necesidades de conservación dos sistemas naturais e de manexo do hábitat, cando non exista outra solución satisfactoria poderanse autorizar os tratamentos silvícolas que resulten pertinentes, orientados á naturalización das masas e restauración de hábitats, sempre que se efectúen baixo a tutela da Administración e a dirección de persoal especializado.

g) Os usos e aproveitamentos tradicionais practicados historicamente nos parques nacionais polos titulares de dereitos, usuarios e residentes locais que non supoñan un impacto negativo significativo nos procesos naturais considéranse compatibles e, en determinados casos e para determinados tipos de manexo, imprescindibles para os obxectivos de conservación. En consecuencia, poderanse manter sempre que o fagan supeditados á conservación dos valores naturais. Para tal fin, nas leis declarativas, ou nas normativas reguladoras dos parques nacionais, cando resulte necesario e baixo criterios científicos, adecuaranse en intensidade, forma e demais condicións de realización para garantir a súa compatibilidade cos obxectivos do parque e, se for o caso, desenvolveranse programas específicos para a súa preservación.

3.2.4 Directrices en relación coas infraestruturas, equipamentos e instalacións.

a) Cada parque dotarase da infraestrutura e instalacións necesarias para a protección dos seus valores, para o uso e desfrute público e para a súa xestión. Serán harmoniosas cos recursos do parque, compatibles cos procesos naturais, culturais e funcionais, tan accesibles como sexa posible, enerxeticamente eficientes e cun custo equilibrado na súa construción e operación.

b) As novas instalacións e infraestruturas dos parques situaranse fóra destes salvo en casos excepcionais, debidamente xustificados por razóns de protección ambiental ou de xestión de recursos naturais. Nestes casos, serán as menos posibles e darase preferencia á adaptación de instalacións existentes fronte a novas construcións, deberanse adaptar o máis posible ao contorno e reduciranse ao mínimo as afeccións paisaxísticas negativas, tanto pola súa forma como polos seus materiais ou o seu acabado. Evitarase a competencia entre o elemento artificial e os valores naturais.

c) Os parques estarán adecuadamente sinalizados de acordo co manual básico de identidade corporativa da Rede de parques nacionais, que incorporará os identificadores gráficos das comunidades autónomas e os relativos a recoñecementos internacionais. Serán accesibles e terán carácter único, obrigatorio e exclusivo.

d) Nas infraestruturas e instalacións optimizarase a eficiencia enerxética e, na medida do posible, utilizaranse enerxías renovables no seu funcionamento, dentro do concepto de calidade integral que debe caracterizar todo elemento dun parque nacional, sen causar afeccións á paisaxe nin aos procesos naturais. Tenderase á redución progresiva de emisións de gases de efecto invernadoiro.

e) Promoverase o uso de materiais biodegradables, renovables e producidos de maneira sustentable, a reutilización e a reciclaxe de materiais e outras medidas apropiadas para minimizar a produción de residuos, así como para tratar de inferir cambios nos hábitos de consumo.

f) Todas as instalacións, vehículos e equipamentos serán xestionados, usados e mantidos de forma ambientalmente correcta. Minimizarase o consumo de enerxía e de combustibles non renovables e porase especial atención na protección das captacións de auga evitando a contaminación no tratamento das augas residuais e nos dispositivos de recollida de residuos. Considerarase a conveniencia de se adherir aos sistemas de xestión ambiental homologados.

g) As estradas existentes nos parques, independentemente da súa potencial utilización como vías de comunicación, deben ser consideradas como elementos singulares para facilitar a súa visita. Poderanse restrinxir os accesos de visitantes a través das vías e camiños públicos no interior dos parques, por motivos de conservación e xestión. Calquera acción sobre estas dará prioridade aos factores ambientais e á súa integración no contorno, tendo en consideración a súa permeabilidade para a fauna. As solucións ao exceso de tráfico orientaranse cara á súa limitación ou redución e non cara á ampliación das vías existentes. Só en casos excepcionais se poderán autorizar outras actuacións puntuais, non continuas, destinadas a mellorar a seguranza viaria.

h) As infraestruturas e instalacións alleas á xestión do parque, existentes en virtude de autorización administrativa, concesión, ocupación ou calquera outro título análogo de dereito, poderanse manter até a expiración do seu período de vixencia sen cambio de uso. Finalizado este, revisaranse as condicións da súa autorización co obxecto de garantir a súa compatibilidade cos obxectivos do parque. Se for o caso, poderán ser reutilizadas con fins de xestión ou investigación. En caso de impactos ambientais negativos significativos, non se autorizará a renovación. A Administración poderá, en casos xustificados, establecer medidas correctoras para minimizar os impactos existentes, incluída a eliminación da instalación antes da finalización do correspondente título administrativo.

i) Promoverase a eliminación de antigas instalacións e infraestruturas que quedasen obsoletas ou fóra de uso no parque nacional, e restauraranse os enclaves ocupados por elas.

j) O réxime de propiedade do solo non debe condicionar a actividade de xestión no parque nacional. Para tal efecto, as administracións xestoras procurarán o acordo cos

titulares do dereito de propiedade para posibilitar o acceso a elas e a utilización de infraestruturas, equipamentos ou instalacións para o desenvolvemento das actividades de conservación e uso público previstas no Plan reitor de uso e xestión.

k) Non se autorizará ningunha nova construción no interior dos parques, excepto nas zonas de asentamentos tradicionais, que se rexerán pola súa normativa específica e polo que determinen a lei declarativa e o Plan reitor de uso e xestión para garantir a xestión do parque e contribuír ao mellor cumprimento dos seus obxectivos.

l) As edificacións de titularidade pública ou privada existentes no parque nacional poderán conservalas e melloralas os seus propietarios, conforme o establecido no Plan reitor de uso e xestión, que deberá fixar as condicións aplicables.

m) O cambio de uso das edificacións existentes no interior dun parque nacional terá carácter excepcional, deberá ser compatible cos obxectivos de conservación do parque e estar regulado polo Plan reitor de uso e xestión e pola normativa urbanística establecida.

n) Igualmente, para casos de instalacións, edificios ou infraestruturas singulares, historicamente valiosos, esteticamente caracterizadores e cuxa conservación se xulgue compatible cos obxectivos do parque, a Administración poderá incorporalos ou mantelos para a xestión do parque se resulta posible e desaparece a necesidade para a que foron habilitados no pasado.

o) Para novas infraestruturas e instalacións, polo seu carácter excepcional, requirirase xustificación da súa necesidade e da imposibilidade da súa situación fóra do parque, así como a realización de estudos previos que avalíen as afeccións aos recursos naturais e culturais do parque. Durante a realización da obra deberase facer un seguimento para detectar posibles elementos afectados. En cada caso adoptaranse as medidas oportunas que salvagarden a integridade do parque.

3.2.5 Directrices en relación coa conservación e a atención ao visitante.

a) Como elementos para adecuar a presión sobre os seus valores naturais, cada parque contará cos estudos de capacidade de acollida, os centros de visitantes, a infraestrutura, instalacións e servizos de interpretación necesarios para organizar adecuadamente o uso público de tal forma que se combine a mellor experiencia para o visitante coa máxima protección dos recursos.

b) O acceso ao parque e aos seus servizos básicos terá carácter gratuíto. Estes servizos básicos inclúen, ao menos, a información básica e a atención ao visitante.

c) Poderanse establecer servizos complementarios que a Administración decida non ofrecer gratuitamente en razón do seu custo, da necesidade de contar con persoal ou equipamento especializado, ou porque se consideren non básicos ou meramente suplementarios.

d) As instalacións e infraestruturas, así como o desenvolvemento das actividades de uso público, deberán minimizar a súa repercusión ambiental e axustarse á capacidade de acollida do parque.

e) Promoveranse a comprensión e aprecio dos valores dos parques nacionais mediante actuacións que comporten o disfrute dos visitantes de forma compatible co obxectivo primordial de conservación do parque nacional.

f) A interpretación nos parques nacionais deberá contribuír á concienciación e formación ambiental da sociedade, e destacar os valores naturais, culturais e históricos, e os procesos ecolóxicos, xeolóxicos e paisaxísticos que motivaron a súa declaración.

g) Procurarase o deseño de actividades para informar e formar os habitantes da área de influencia socioeconómica sobre a potencialidade do seu patrimonio natural baseado na conservación dos recursos naturais, buscando a súa implicación e a súa participación na toma de decisións.

h) Deberase buscar unha alta calidade nas actividades de divulgación dos valores do parque nacional aos cidadáns, se for o caso, mediante os correspondentes sistemas de normalización e certificación, así como con protocolos e criterios comúns que hai que establecer para a Rede de parques nacionais, logo do informe do Comité de Colaboración e Coordinación.

i) Todos os elementos destinados ao uso público terán a pertinente análise de accesibilidade para que, na medida do posible, poidan ser utilizados por todos os visitantes da forma máis autónoma, cómoda e segura posible, independentemente dos seus desempeños funcionais. Serán compatibles cos artigos de apoio que poidan utilizar os visitantes con discapacidade. Para isto poderase incorporar ao desenvolvemento sectorial do Plan reitor de uso e xestión un diagnóstico da accesibilidade dos espazos de uso público.

j) A persoa é a primeira responsable da súa seguraza. Non obstante, a Administración do parque procurará a seguraza dos visitantes a base de fomentar unha conciencia pública dos riscos máis comúns asociados á visita do parque nacional.

k) O exercicio da actividade de guía nun parque nacional requirirá da habilitación da Administración xestora do parque nacional, que será outorgada a quen supere a formación ou cofecementos mínimos abertos a calquera solicitante e que só se poderá limitar en número cando mediante resolución motivada se xustifique, temporal ou indefinidamente, restrinxir o número de visitas guiadas, o cal se fará utilizando criterios obxectivos. Procurarase harmonizar a formación dos guías habilitados para desenvolver a súa actividade nos parques nacionais ou no conxunto da rede. As administracións competentes poderán acordar os contidos mínimos desta.

l) A Administración xestora do parque deberá realizar unha análise das novas actividades e usos co obxecto de avaliar a súa compatibilidade e a súa repercusión ambiental. En ningún caso se poderán autorizar as que resulten incompatibles.

m) Considerarase actividade extraordinaria calquera actividade non especificamente regulada nas presentes directrices e requirirá autorización por escrito da Administración xestora do parque para a poder realizar.

n) Non se poderá autorizar ningunha actividade extraordinaria se contradí as normas do parque, vai en detrimento dos seus valores ou dos seus obxectivos, ten un risco elevado de xerar danos ás persoas ou á propiedade ou se incide de forma significativamente negativa no funcionamento normal do parque, na protección dos recursos ou no uso por parte dos visitantes.

o) Para a autorización de actividades extraordinarias tales como as deportivas no interior dun parque nacional, asegurarse que non constitúan un risco para a conservación dos seus valores naturais. Non se permitirán as actividades ou comportamentos que entrañen perigo de deterioración.

p) Con carácter xeral, as probas e competicións deportivas no interior dos parques nacionais considéranse incompatibles cos seus obxectivos. Non obstante, excepcionalmente poderán ser autorizadas pola Administración do parque aquelas de baixa incidencia ambiental, expresamente identificadas no Plan reitor de uso e xestión e que transcorran por estradas, camiños públicos ou canles marítimas de navegación. En todo caso, considéranse incompatibles as probas e as competicións en que se empregue a propulsión a motor.

q) Para a autorización de actividades extraordinarias como rodaxe de películas, producións de televisión e reportaxes en xeral, exixírase a ausencia de espectadores.

r) Para a autorización de toda actividade extraordinaria, exixírase o depósito dunha fianza ou a contratación dun seguro por parte do promotor. A Administración poderá establecer tarifas que, ao menos, terán por obxectivo o reembolso dos gastos xerados pola concesión do permiso e polo seguimento das actividades autorizadas.

s) Realizarase un adecuado seguimento e avaliación das actividades de uso público dentro dos parques que atenderá especialmente aos efectos sobre o medio natural e á calidade da visita, e aplicaranse, cando sexa adecuado, as oportunas medidas correctoras.

3.2.6 Directrices en relación coa investigación.

a) Fomentarase na Rede de parques nacionais a investigación de calidade acerca dos valores e dos procesos naturais, así como da súa historia, socioeconomía e cultura, co fin de contribuír á súa conservación. Por outra parte, nun escenario de cambio global

como o actual, os parques nacionais deben ser tamén laboratorios vivos, onde se desenvolvan investigacións que permitan coñecer os procesos que ocorren a nivel global.

b) A investigación non poderá deixar pegadas permanentes que vaian en detrimento dos valores naturais, paisaxísticos e culturais.

c) Os proxectos de investigación, así como a toma de mostras ou datos que se pretendan realizar, estarán sometidos a autorización previa da Administración do parque. Cada proxecto deberá ser adecuadamente xustificado e avaliado.

d) Dado que a capacidade dos parques para acoller estudos de investigación é limitada, a Administración xestora dará prioridade aos proxectos recollidos nos plans reitores de uso e xestión.

e) En xeral, as actividades de investigación con incidencia negativa significativa sobre o medio non deberán ser autorizadas. Porén, con carácter excepcional, poderanse autorizar, logo de avaliación científica, cando os resultados da investigación sexan esenciais para o manexo dos recursos.

f) Os resultados derivados das actividades de investigación serán divulgados, cos medios máis adecuados en cada caso, para lograr a transferencia e a aplicación dos coñecementos adquiridos, preservando, en todo caso, os datos sensibles.

3.2.7 Directrices en relación co seguimento de procesos e avaliación de recursos.

a) Estableceranse programas de seguimento e avaliación que permitan tanto a rápida detección dos cambios negativos sobrevidos como, na medida do posible, a predición anticipada de modificacións e cambios do dinamismo propio dos ecosistemas dos parques e a súa reacción á actuación humana.

b) O seguimento propio que se realice en cada parque deberá ter en conta protocolos, bases de datos e sistemas de xestión de información homologados que fagan posible establecer un seguimento global a nivel de rede, preferentemente aplicando estándares internacionais.

3.3 Directrices básicas para a coordinación.

A Administración xeral do Estado coordinará as actuacións necesarias para o seguimento da aplicación e o cumprimento das directrices e obxectivos establecidos no presente plan director, especialmente a través do Comité de Colaboración e Coordinación de Parques Nacionais e das comisións de coordinación no caso de parques supraautonómicos. Para isto:

a) O Organismo Autónomo Parques Nacionais exercerá as súas potestades de coordinación cos parques nacionais para asegurar un marco de actuación homoxéneo e o mellor estado de conservación posible en todos eles. Igualmente, desenvolverá a súa potestade coordinadora no ámbito internacional co fin de asegurar a necesaria coherencia en materia de parques nacionais.

b) As administracións xestoras dos parques subministrarán ao Organismo Autónomo Parques Nacionais a información que precise coa frecuencia necesaria para o exercicio da súa función de coordinación e este establecerá os mecanismos para asegurar o intercambio de información na rede.

c) O Organismo Autónomo Parques Nacionais desenvolverá os programas de actuacións comúns e horizontais da rede e coordinará coas administracións dos parques as actuacións que se realicen, de maneira que se posibilite a integración no conxunto e se asegure o maior grao posible de sinerxías e eficiencia administrativa.

d) Coordinarase o correcto uso dos signos identificativos externos e, en xeral, da imaxe corporativa dos parques nacionais. O vestuario do persoal, que incorporará, se for o caso, os signos identificativos das comunidades autónomas, adecuarase a aquilo que para a rede se estableza. O seu uso será obrigatorio para, ao menos, aqueles profesionais da rede que desenvolvan labores en contacto co público.

e) As diferentes administracións asegurarán o intercambio fluído de información en materia de presenza exterior, en particular, das actuacións en redes internacionais e dos programas de colaboración e irmandamento.

f) Sen prexuízo das relacións que se poidan establecer cos parques nacionais lindeiros doutros países fronteirizos, corresponde á Administración xeral do Estado a representación institucional, así como a coordinación das actividades que se desenvolverán coas administracións doutros países.

4. *Criterios para a selección dos proxectos de interese xeral que poderán ser obxecto de financiamento estatal*

Poderanse considerar proxectos de interese xeral que deban ser obxecto de financiamento estatal aqueles que incorporen as medidas necesarias que se deban adoptar para:

a) Restaurar os danos ambientais producidos no caso de situacións que requirisen a declaración de estado de emerxencia prevista na Lei de parques nacionais.

b) Reverter o estado de conservación desfavorable cando esta situación xerese a necesidade de intervención da Administración xeral do Estado.

c) Adoptar medidas, que poderían ser compensatorias, para mellorar a situación de hábitats e especies declaradas de interese especial para a rede, logo de informe do Consello da Rede de Parques Nacionais.

d) Eliminar as actividades incompatibles coa conservación e corrixir os efectos daquelas actividades ou instalacións que non poidan ser suprimidas de acordo coa Lei de parques nacionais ou coas leis declarativas.

e) Manter un marco de actuación homoxéneo en toda a Rede de parques nacionais, tanto en infraestruturas de xestión como en materia de conservación ou uso público.

f) Controlar, en colaboración coas comunidades autónomas, aquelas especies exóticas invasoras que causen ou poidan causar danos significativos á conservación dos sistemas naturais ou ás especies autóctonas.

g) Recuperar, en colaboración coas comunidades autónomas, especies ameazadas incluídas nos catálogos nacional ou autonómicos.

5. *Criterios para a determinación do nivel de conservación e xestión básicos que debe manter no tempo cada un dos parques nacionais. Parámetros para o seguimento*

5.1 Criterios para a determinación do nivel de conservación.

Todos os parques deberán manter un nivel de conservación adecuado e unha xestión que contribúa a manter os sistemas naturais que motivaron a declaración de parque nacional. Os programas de seguimento desenvolvidos na rede terán como obxectivo esencial contribuír a todo isto.

a) A determinación do estado de conservación deberase basear na mellor información dispoñible e na análise contrastada da evolución no tempo de cada un dos sistemas naturais e das especies singulares que están presentes en cada parque nacional e motivasen a súa declaración.

b) A información en que se debe basear a determinación do estado de conservación será toda aquela de carácter oficial proveniente tanto das administracións ambientais xestoras dos parques como da Administración xeral do Estado, así como a que resulte especificamente do desenvolvemento dos programas de seguimento da Rede de parques nacionais. Calquera outra fonte de información deberá estar convenientemente contrastada, homologada e validada polas administracións ambientais.

c) Considérase que un parque nacional se encontra nun estado de conservación desfavorable cando os sistemas naturais que alberga deixaron de ter unha área de distribución estable ou esta se encontra en regresión, non dispoñen da estrutura e funcións

específicas necesarias para o seu mantemento a longo prazo, se reduce a área de distribución das súas especies características ou manteñen unha dinámica poboacional en regresión e non é previsible que todo isto mellore no futuro. A avaliación deberá ter en conta, ademais, a evolución de cada un destes compoñentes no ámbito rexional e nacional, de maneira que se poidan diferenciar os procesos que teñen carácter xeral daqueles outros que afecten unicamente un parque nacional concreto.

d) O Organismo Autónomo Parques Nacionais, por propia iniciativa ou por petición das administracións xestoras dos parques nacionais, poderá solicitar ao Comité Científico de Parques Nacionais un informe previo á determinación do estado de conservación desfavorable de calquera dos parques nacionais, que valore a evolución dos sistemas naturais, formacións xeolóxicas e vexetais ou as especies singulares, e avaliando a significación dos valores resultantes da aplicación dos correspondentes parámetros.

e) As medidas e accións que se deban adoptar para evitar ou remediar o estado de conservación desfavorable dun parque nacional deberán deseñarse de maneira que os efectos da súa aplicación sobre os diferentes compoñentes poidan ser identificados e posteriormente avaliados.

f) Ao menos, aplicaranse á Rede de parques nacionais (que constitúe unha achega relevante á Rede Natura 2000 española), os parámetros descritivos e valores de referencia do bo estado de conservación establecidos para a Rede Natura 2000, coas adaptacións que resulten necesarias para correlacionar adecuadamente os tipos de hábitats naturais e as especies de interese comunitario cos sistemas naturais e as súas especies propias recollidos nas normativas de declaración dos parques nacionais.

g) Igualmente e onde proceda, aplicaranse aos sistemas naturais e especies da Rede de parques nacionais os parámetros descritivos e os valores de referencia do bo estado ambiental, nas materias reguladas pola normativa comunitaria mariña, e do bo estado ecolóxico das augas continentais superficiais e subterráneas, costeiras e de transición, amparadas pola normativa comunitaria de augas.

h) A aplicación dun sistema de indicadores á Rede de parques nacionais, preferentemente baseado nos xa existentes no ámbito nacional e internacional, será acordada no seo do Comité de Colaboración e Coordinación, consultado o Comité Científico de Parques Nacionais.

5.2 Parámetros para o seguimento.

Os parámetros que se aplicarán para determinar a evolución do estado de conservación dun parque nacional deberán estar suficientemente xustificadas sobre bases teóricas, científicas e normativas, así como ser coherentes cos utilizados para este mesmo fin no ámbito internacional e especialmente no ámbito comunitario. Particularmente, os parques nacionais que teñan outorgada algunha distinción internacional deberán ter en conta os parámetros aplicables en cada caso. Terase tamén en conta o avance do coñecemento sobre os procesos de cambio global e da súa afección aos sistemas naturais dos parques nacionais. En particular, dirixiranse a avaliar:

a) O estado de conservación, favorable ou desfavorable, dos sistemas naturais terrestres ou mariños presentes no interior dos parques e que motivaron a súa declaración ou de cada un dos hábitats de interese comunitario incluídos na Rede Natura 2000. En particular, consideraranse a evolución da superficie, a cobertura e a fragmentación, as presións e ameazas existentes e o grao de naturalidade.

b) O estado de conservación, favorable ou desfavorable, das especies singulares de flora e fauna que motivaron a declaración de parque nacional ou as consideradas de interese comunitario para a Rede Natura 2000 que se encontran presentes. En particular, consideraranse os cambios na área de distribución, a tendencia poboacional, a alteración dos hábitats e as presións e ameazas existentes.

c) O estado ecolóxico das masas de auga continentais, superficiais e subterráneas presentes nos parques nacionais de acordo cos parámetros físicos, químicos e biolóxicos establecidos na Directiva marco da auga e na lexislación básica de augas.

d) O estado ambiental do medio mariño e das augas costeiras de acordo cos parámetros e descritores establecidos na normativa comunitaria mariña e na normativa estatal de protección do medio mariño.

e) A evolución da conectividade interna e externa dos sistemas naturais presentes nos parques nacionais e en relación coa infraestrutura verde a medida que esta se vaia implementando.

f) A evolución e tendencias poboacionais de especies exóticas invasoras no interior e no contorno dos parques nacionais.

6. *Criterios para determinar a existencia dun grave perigo para a integridade e a seguranza dun parque nacional. Directrices para as actuacións nas situacións de estado de emerxencia declarado*

6.1 Criterios para determinar a existencia dunha emerxencia por catástrofe ambiental.

a) Considérase que un parque nacional se encontra en estado de emerxencia por catástrofe ambiental cando exista perigo grave e certo para a integridade e seguranza dos sistemas naturais que alberga e que, polas súas dimensións efectivas ou previsibles, requira unha coordinación nacional e unha achega de medios estatais.

b) Considerarase que existe un perigo grave e certo cando a incidencia ambiental afecte de forma significativa unha porcentaxe importante da superficie do parque nacional ou dos sistemas naturais polos que se declarou, de hábitats de interese comunitario prioritarios, da área de distribución de especies de interese comunitario, singulares ou endémicas do parque nacional ou altere gravemente a composición dos parámetros físicos, químicos e biolóxicos das augas.

c) Para declarar a existencia dunha emerxencia ambiental requírese que o perigo para a integridade e persistencia dos sistemas naturais sexa de orixe antrópica e sobrevida e non a consecuencia dun proceso paulatino ligado a un estado de conservación desfavorable destes. Non se considerarán catástrofes ambientais as perturbacións que forman parte dos procesos naturais dos parques, salvo os incendios forestais.

d) Establécense como criterios esenciais para determinar a existencia dunha catástrofe ambiental que provoque unha emerxencia e requira actuacións urxentes, os da imprevisibilidade e a puntualidade, é dicir, a ocorrencia repentina e única dun suceso inesperado que ameaza a integridade dos sistemas naturais dos parques nacionais.

e) Igualmente, considerarase un criterio necesario para a declaración dunha emerxencia por catástrofe ambiental a evidencia de que a situación que se presenta require a utilización de medios extraordinarios, tanto humanos como materiais, de orixe estatal e unha coordinación nacional das actuacións e operativos que se vaian desenvolver.

f) A declaración do estado de emerxencia por catástrofe ambiental deberase basear na mellor información dispoñible, que se manterá actualizada ao longo de todo o proceso até que se acorde a fin do dito estado, mediante un intercambio permanente e continuo desta entre a Administración xestora do parque e o Organismo Autónomo Parques Nacionais, así como cos organismos e institucións que resulten pertinentes en cada caso.

g) Non se aplicarán estes criterios para determinar a existencia dunha emerxencia por causas ambientais cando sexa producida por un suceso de contaminación mariña que afecte un parque nacional en augas mariñas ou as augas dun marítimo-terrestre, así como no caso das catástrofes que se sitúen no ámbito da protección civil. As declaracións de emerxencia nestes dous casos axustaranse ao disposto na súa lexislación específica. Unha vez declarada a emerxencia, se for o caso, coordinaranse coas respectivas autoridades as actuacións e os operativos que sexa necesario desenvolver nos parques nacionais ou nos seus contornos.

h) No caso de incendios forestais, a declaración de emerxencia atenderá prioritariamente á avaliación de danos producidos e ás medidas para a súa restauración, dado que para os labores de extinción se dispón de protocolos específicos de actuación derivados da lexislación sobre incendios forestais.

- 6.2 Directrices para as actuacións nas situacións de estado de emerxencia declarado.
- a) Unha vez declarado o estado de emerxencia e designado o seu coordinador, teranse en conta as seguintes directrices:
- i. Procurarase unha comunicación permanente e continua coa Administración xestora do parque afectado, coa comunidade autónoma e cos diferentes departamentos da Administración xeral do Estado.
 - ii. Identificaranse os apoios científicos, así como os medios materiais e humanos necesarios pertencentes ás diferentes administracións que poidan colaborar na resolución da emerxencia.
 - iii. Diseñarase un programa operativo co fin de coordinar o traballo das diferentes administracións de forma que este sexa o máis eficaz posible.
 - iv. Realizarase unha avaliación permanente dos resultados e da eficacia dos traballos realizados co obxecto de propor, no mínimo prazo posible, a fin da declaración do estado de emerxencia.
- b) A Administración xestora de cada parque nacional redactará e aprobará, logo de informe do Consello Nacional de Protección Civil, un plan de autoprotección ambiental que será remitido ao Organismo Autónomo Parques Nacionais para efectos de dispor dunha avaliación global da protección ambiental e os medios dispoñibles fronte a catástrofes na Rede de parques nacionais.
- c) O dito plan deberá ser actualizado periodicamente e, ao menos, coincidindo coa revisión do Plan reitor de uso e xestión e dos plans sectoriais que garden relación directa coa prevención. Terá en conta a prevención dos riscos máis probables derivados das actividades que se desenvolven normalmente no contorno de cada parque e recollerá as previsións orzamentarias necesarias para a súa aplicación, os medios dispoñibles, a necesaria formación do persoal e o seu adestramento. Deberá incluír, igualmente, os mecanismos de coordinación cos plans de protección civil.
- d) Incluirase na memoria anual da rede e no informe trienal ao Senado un informe conxunto da Administración xestora do parque e do Organismo Autónomo Parques Nacionais sobre as actuacións realizadas, a avaliación de danos e as propostas de restauración e recuperación de zonas afectadas.

Actuacións

7. *Actuacións necesarias para manter, promover e impulsar a imaxe corporativa e a coherencia interna dos parques nacionais*

- a) O Organismo Autónomo Parques Nacionais asegurará a imaxe común da rede, para o cal rexistrará na Oficina de Patentes e Marcas os identificadores, logotipos e denominacións da rede e dos parques nacionais, así como da marca «Parques Nacionais de España».
- b) O Organismo Autónomo Parques Nacionais, de acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias, poderá dotar dos medios materiais precisos para manter a imaxe corporativa da rede, a uniformidade do persoal e o deseño común da sinalética, nos termos acordados no Consello da Rede.
- c) Como instrumento de cohesión e proxección dos parques nacionais, o Organismo Autónomo Parques Nacionais manterá unha aplicación web de central de información e reservas en materia de servizos de uso público, á cal se poderán adherir aquelas administracións xestoras que o consideren oportuno.

8. *Programa de actuacións comúns da Rede de parques nacionais e procedementos para o seu seguimento continuo e avaliación*

Para aplicar as disposicións deste plan director e contribuír ao cumprimento dos seus obxectivos e da normativa básica, o Organismo Autónomo Parques Nacionais promoverá, en cooperación coas comunidades autónomas, o financiamento e o desenvolvemento de programas comúns e horizontais para a coherencia e mantemento da rede, e realizará unha programación plurianual. Todo isto sen prexuízo das actuacións propias dos parques nacionais e das determinacións dos seus plans reitores de uso e xestión. Estes programas centraranse en:

8.1 Actuacións para a consolidación da rede.

a) Identificar as áreas mellor conservadas representativas dos sistemas naturais incluídos no anexo da lei, que poderían ser obxecto de incorporación á Rede de parques nacionais por se apreciar que a súa conservación poida ser de interese xeral da Nación.

b) Fomentar a incorporación ao patrimonio público, preferentemente mediante acordos voluntarios, daqueles terreos que teñan un especial valor natural, interese xeolóxico, alberguen especies ou hábitat con algún grao de ameaza, resulten de interese para a conservación, sexan imprescindibles para o rescate de dereitos incompatibles co réxime xurídico de parque nacional, sexan enclaves ou lindeiros con outros predios públicos ou teñan calquera outro interese para a consecución dos obxectivos da Rede de parques nacionais.

c) Facilitar, mediante acordos voluntarios de colaboración cos titulares de dereitos privados e propietarios de terreos nos parques nacionais, o cumprimento dos obxectivos destes, prioritariamente, na eliminación no prazo establecido das actividades clasificadas como incompatibles e na realización de actividades compatibles e necesarias para a xestión e conservación dos sistemas naturais.

d) Indemnizar, coa máxima dilixencia, os titulares dos bens e dereitos patrimoniais lexítimos polas privacións ou limitacións destes indemnizables conforme a lei, cando os ditos danos deriven da lexislación básica na materia e do presente plan director.

e) Promover, xunto coas administracións competentes, que todos os parques nacionais que conforman a rede dispoñan dos seus instrumentos de planificación ordinaria debidamente actualizados e vixentes.

f) Incentivar actividades económicas relacionadas coa divulgación da singularidade e importancia da rede e a súa proxección na sociedade.

8.2 Actuacións para a conservación dos valores naturais e culturais.

a) Inventariar os sistemas naturais do anexo da lei representados na Rede de parques nacionais, con especial atención á súa correspondencia cos hábitats naturais e cos hábitats de interese comunitario, valorando o seu grao de naturalidade, viabilidade e estado de conservación, e integralos na base de datos xeorreferenciada da Rede de parques nacionais e no Inventario español do patrimonio natural e a biodiversidade.

b) Identificar o impacto do cambio global nos sistemas naturais da Rede de parques para facilitar, se for o caso, a xestión adaptativa. Realizar o seguimento zoonosanitario e fitosanitario das masas forestais da Rede de parques.

c) Establecer mecanismos que permitan asegurar a conservación dos valores e procesos naturais e culturais da Rede de parques nacionais. Para tal fin, é preciso afondar no seu coñecemento, seguimento, avaliación e, se for o caso, restauración.

d) Avaliar, dun modo continuo, a presenza e evolución das especies exóticas invasoras na Rede de parques nacionais para facilitar a máis rápida adopción das medidas procedentes, en colaboración coas comunidades autónomas.

8.3 Actuacións de divulgación de coñecementos e incorporación de novas tecnoloxías.

a) Dispor dun sistema de información da rede que sirva de referencia como centro de documentación, sistema de información xeográfica e plataforma de intercambio de acceso compartido para toda a rede, que permita o seguimento dos seus valores naturais e culturais.

b) Explotar de maneira activa a información depositada no Sistema de información da rede mediante os métodos de análise máis adecuados, pondo os resultados á disposición da rede para favorecer o coñecemento e unha mellora nas tarefas de conservación e xestión dos parques.

c) Divulgar de forma activa, sistemática e por medio das tecnoloxías máis adecuadas, información actualizada sobre as actuacións realizadas e os coñecementos obtidos na Rede de parques nacionais coa finalidade de permitir un fácil acceso ao público, en cumprimento das exigencias da normativa que regula o acceso á información.

d) Manter un boletín electrónico de información sobre a Rede de parques nacionais que se porá á disposición do público en xeral. Actualizar permanentemente a páxina web da rede.

e) Desenvolver, en colaboración coas comunidades autónomas, un programa de capacitación, formación e intercambio de experiencias entre o colectivo de persoas que traballan na Rede de parques nacionais, para a consecución dos obxectivos da rede e dos parques nacionais.

f) Deseñar e pór en marcha un programa especial dirixido a aumentar a sensibilización ambiental da poboación e a pór de relevo o papel dos parques nacionais con motivo do centenario da primeira lei de parques e da conmemoración de aniversarios ou fitos históricos para os parques nacionais españois.

8.4 Actuacións para a implicación dos axentes sociais e participación social.

a) Establecer canles de colaboración con axentes sociais, titulares de dereitos e organizacións non gobernamentais para o cumprimento dos obxectivos da Rede de parques nacionais.

b) Fomentar, en colaboración coas comunidades autónomas, o establecemento de canles de cooperación coas entidades locais e agrupacións de habitantes das áreas de influencia socioeconómica.

c) Desenvolver, en colaboración coas comunidades autónomas e coa participación das organizacións non gobernamentais, programas de voluntariado dirixidos á conservación e seguimento dos valores naturais dos parques nacionais.

d) Desenvolver, no marco do Centro Nacional de Educación Ambiental, actividades formativas para os contornos dos parques.

8.5 Actuacións de seguimento e avaliación.

a) Configurar o Plan de seguimento e avaliación da Rede de parques nacionais elaborado en cooperación coas administracións xestoras, apoiado no mellor coñecemento científico dispoñible e integrando outras iniciativas de seguimento xa existentes na rede, incorporando no posible os datos históricos e que utilicen protocolos e procedementos utilizados e validados internacionalmente.

b) Establecer neste plan tres programas diferenciados:

1. Programa de seguimento ecolóxico: representatividade da Rede de parques nacionais, avaliación do estado de conservación dos sistemas naturais, seguimento do cambio global na rede.

2. Programa de seguimento socioeconómico: proxección da rede, percepción na área de influencia socioeconómica, contribución á sensibilización ambiental da sociedade, impacto socioeconómico da rede.

3. Programa de seguimento funcional: aspectos básicos de funcionamento da rede como a achega de recursos, a existencia de instrumentos normativos e financeiros, as canles de participación e comunicación e a execución de actuacións.

c) Desenvolver mecanismos de avaliación periódica do efecto das subvencións na calidade de vida das poboacións incluídas na área de influencia socioeconómica dos parques nacionais e da percepción social dos visitantes e residentes mediante técnicas demoscópicas e estudos de opinión, integrándoos no programa de seguimento socioeconómico.

d) Incluír como ferramentas básicas do seguimento funcional as memorias anuais de actividades e resultados, tanto dos parques como da rede, así como o informe trienal de situación da Rede de parques nacionais que o ministerio eleva ao Senado, logo de informe do Consello da Rede.

e) Difundir a información ambiental sobre a Rede de parques nacionais derivada tanto do Plan de seguimento e avaliación como a proporcionada polos parques nacionais, facéndoa accesible aos xestores dos parques, á comunidade científica e ao público en xeral.

8.6 Programa de investigación na Rede de parques nacionais.

a) Desenvolver un programa de investigación sobre os valores naturais, culturais, socioeconómicos e usos e coñecementos tradicionais da rede, coa participación das comunidades autónomas.

b) Fomentar a liña de investigación para a conservación dos parques nacionais que permita ser un referente neste campo dentro dos plans nacionais de I+D+i. Atenderase especialmente ao seguimento dos efectos do cambio global e aos proxectos que inclúan máis dun parque nacional ou cuxos resultados poidan ser aplicables ao conxunto da rede.

c) Habilitar os medios para o funcionamento do Comité Científico establecido para o apoio e asesoramento da Rede de parques nacionais.

d) Difundir a información dispoñible, así como os resultados obtidos de todos os proxectos realizados, mediante publicacións, xornadas técnicas e medios electrónicos.

e) Pór á disposición da rede unha base de datos de acceso público sobre as investigacións na Rede de parques nacionais. Os resultados de todas as investigacións autorizadas serán comunicados ao Organismo Autónomo Parques Nacionais para a súa inclusión na dita base de datos.

f) Identificar e caracterizar os procesos ecolóxicos ligados a usos e costumes tradicionais practicados de forma histórica que deban ser recoñecidos como compatibles ou necesarios para a xestión, co fin de facilitar a súa consideración nos instrumentos de planificación da rede.

8.7 Desenvolvemento sustentable e integración social.

a) Contribuír, en colaboración coas comunidades autónomas, mediante subvencións ou outros mecanismos, á conservación dos valores dos parques a través do desenvolvemento sustentable nas áreas de influencia socioeconómica, sempre que a dispoñibilidade orzamentaria o permita.

b) Promover que as áreas de influencia socioeconómica dos parques nacionais teñan a consideración de zonas rurais prioritarias, de acordo co previsto na lexislación estatal vixente, para o desenvolvemento sustentable do medio rural.

c) Impulsar plans de desenvolvemento sustentable nas áreas de influencia que integren as accións dos distintos departamentos das administracións nos ámbitos territoriais onde se sitúan os parques nacionais, podendo constituír consorcios e subscribir convenios con outras institucións e colectivos implicados.

8.8 Proxección e cooperación internacional.

a) Dirixir a presenza exterior dos parques nacionais coordinando a acción singular de cada un deles e actuando como interlocutor ante as institucións internacionais.

b) Promover e manter o recoñecemento internacional para os parques nacionais, así como dotalos das pertinentes figuras de protección de carácter internacional. O Organismo Autónomo Parques Nacionais elevará ao Consello da Rede, para o seu informe preceptivo, a proposta de solicitude de distincións internacionais.

c) Desenvolver un programa plurianual de actuacións para a difusión e promoción da imaxe, os valores e o modelo de conservación da Rede de parques nacionais noutros países, que aprobará o presidente do Organismo Autónomo Parques Nacionais, logo de informe do Consello da Rede.

d) Desenvolver un programa de intercambio e irmandamento con espazos naturais protexidos doutros países. Coordinar os irmandamentos de carácter internacional realizados polos parques nacionais con outros espazos naturais protexidos.

e) Definir e desenvolver un marco de relacións para a coordinación e a colaboración na xestión dos parques nacionais fronteirizos, co fin de garantir o cumprimento dos compromisos internacionais adquiridos.

f) Reforzar o programa de cooperación internacional da rede con outros parques nacionais e redes de figuras equivalentes en terceiros países, en coherencia coa lexislación da cooperación española.

g) Colaborar tecnicamente coa Axencia Española de Cooperación Internacional e Desenvolvemento para o deseño, formulación, execución e seguimento de proxectos de conservación, cando así se acorde, e participar na planificación operativa dos países receptores da cooperación no referente a espazos protexidos e sustentabilidade.

h) Asegurar unha presenza continua nas redes e organizacións internacionais de conservación que teñan relación cos parques nacionais da rede, así como apoiar o cumprimento das iniciativas sobre áreas protexidas desenvolvidas polo Convenio sobre diversidade biolóxica.

8.9 Procedementos para o seguimento continuo e avaliación das actuacións.

a) O cumprimento do disposto no presente plan director, incluíndo as actuacións recollidas nesta epígrafe, deberá quedar reflectido mediante un informe específico na memoria anual da rede. Igualmente, o informe trienal ao Senado recollerá especificamente información sobre o desenvolvemento e a aplicación das actuacións recollidas no presente plan.

b) O programa de seguimento funcional, derivado do Plan de seguimento e avaliación da Rede de parques nacionais, avaliará o desenvolvemento e a aplicación do disposto neste plan director, en particular das actuacións, mediante un sistema de indicadores que se desenvolverá no Comité de Colaboración e Coordinación.

c) Durante a vixencia do plan director avaliarase periodicamente o estado de execución das diferentes actuacións, con obxecto de corrixir posibles desviacións.